

RELIXIÓN
CATÓLICA
EDUCACIÓN INFANTIL
PROGRAMACIÓN
CURSO 2021-22

CEIP SAN SALVADOR DE TEIS

ÁNGELES MIGUEL GONZÁLEZ

ÍNDICE

- A ERE NA EDUCACIÓN INFANTIL, INTRODUCCIÓN
- CONTEXTUALIZACIÓN
- OBXECTIVOS E COMPETENCIAS
- **4º CURSO DE EDUCACIÓN INFANTIL**
 - CONTIDOS
 - SECUENCIA DE CONTIDOS
 - ACTIVIDADES
 - TEMPORALIZACIÓN
 - CRITERIOS DE AVALIACIÓN
- **5º CURSO DE EDUCACIÓN INFANTIL**
 - CONTIDOS
 - SECUENCIA DE CONTIDOS
 - ACTIVIDADES
 - TEMPORALIZACIÓN
 - CRITERIOS DE AVALIACIÓN
- **6º CURSO DE EDUCACIÓN INFANTIL**
 - CONTIDOS
 - SECUENCIA DE CONTIDOS
 - ACTIVIDADES
 - TEMPORALIZACIÓN
 - CRITERIOS DE AVALIACIÓN
- PROCEDIMIENTOS E INSTRUMENTOS DE EVALUACIÓN
- METODOLOXÍA
- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS
- MEDIDAS DE ATENCIÓN A LA DIVERSIDAD
- CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC
- CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA
- EDUCACIÓN EN VALORES
- PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

A ERE NA EDUCACIÓN INFANTIL, INTRODUCCIÓN:

Non podería existir unha formación integral se non se desenvolvesen todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre elas a capacidade transcendente. O sentido transcendente da vida -capacidade básica do individuo- está enraizado no máis profundo do ser, o neno pode recoñecelo, segundo os niveis de aprendizaxe propios de cada idade, nos símbolos e signos do seu entorno.

A ensinanza relixiosa católica pretende achegar ao neno as claves principais da fe cristián, axudalo a descubrir esta experiencia no seu entorno, e que el mesmo desenvolva súas facultades de expresión. Ten en conta a experiencia do neno nesta idade de 3 a 6 anos en referencia a tres ámbitos: a identidade e autonomía persoal, ó descubrimento do medio físico e social, e a comunicación e representación da realidade.

Este currículo valese dos elementos cristiáns presentes na contorna do alumno, as imaxes e símbolos, a linguaxe e outros recursos que fan posible a comprensión da experiencia relixiosa adecuada a esta idade.

CONTEXTUALIZACIÓN:

Comezamos un novo curso condicionado pola situación da pandemia pero coa vantaxe da experiencia adquirida na aplicación dos protocolos COVID por parte dos mestres, do alumnado e das familias. A mellora da situación nos abre camiño a posibilidade de algunhas actividades e dinámicas que nos estaban vedadas; por suposto intentaremos seguir en todo momento os protocolos e directrices anti-COVID da administración e do Centro.

En canto ao Centro, o CEIP SAN SALVADOR DE TEIS localízase na periferia da cidade de Vigo, preto do parque da Rioux, nun entorno de vivendas unifamiliares maioritariamente, polo que a meirande parte dos alumnos accede ao Centro gracias ao servizo de autobuses. Actualmente é dunha soa liña e contamos unicamente con dúas unidades de Educación Infantil: una de 4º e 5º e outra de 6º. Así mesmo están agrupados nunha soa titoría os alumnos de 1º e 2º de primaria, mentres que se fixo un desdobre do grupo de 5º de primaria. Conta o centro, polo tanto, con oito titorías. A opción pola materia de Relixión Católica no curso actual está no 50% aproximadamente (47 alumnos de 97).

Este curso dispoñemos de dúas aulas específicas para a clase de Relixión, unha do lado ao que se accede pola porta “A” e outra con acceso pola porta “B”, acondicionadas ambas as dúas para cumprir coas medidas hixiénico-sanitarias marcadas polo regulamento do Centro para a prevención ante o virus. As aulas contan cun proxector e conexión a internet por Wi-Fi. Ademais da biblioteca do Centro, contamos cunha pequena biblioteca de aula de temática específica.

A opción pola materia no curso actual está arredor do 50%.

Grazas a mellora da situación da pandemia, agardamos poder completar o curso coas clases presenciais. Procuraremos de todos modos manter activa a nosa Aula Virtual para o caso de que algún alumno teña que quedar na casa, e mesmo para traballar dende a aula colaborando así na educación do uso das novas tecnoloxías.

Comparto Centro co CEIP SÁRDOMA-MOLEDO, polo que a miña actividade docente se concentra en tres días a semana, acudindo os outros dous días ao mencionado Centro.

En cumprimento da lexislación vixente (Decreto 79 del 2010, art. 6º), no relativo ao uso das linguas cooficiais, e por decisión do Centro, esta materia impartirase en lingua castelán.

CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

A ensinanza relixiosa nesta etapa colabora e desenvolve a competencia en **comunicación lingüística** pois sérvese da linguaxe que conforma a cultura que se transmite na área, así como das linguaxes da propia ensinanza relixiosa.

Así mesmo, a formación relixiosa e moral católica aportan as **competencias sociais e cívicas** a fundamentación dos valores que axudan a mellorar as relacións interpersoais baseadas en principios e valores que emanan da persoa de Xesús, e axuda, en consecuencia, a afrontar situacións de conflito perante o diálogo, o perdón e a misericordia, valores xenuinamente cristiáns. No máis profundo do ser cristián xorde o gran valor da fraternidade universal, e como consecuencia unas mínimas exixencias éticas de convivencia, participación e respecto a diversidade.

(Conferencia Episcopal Española. Madrid, 30 de decembro de 2013)

OBXECTIVOS E COMPETENCIAS:

Ao finalizar a educación infantil preténdese que o neno/a teña desenvolvido os seguintes obxectivos:

1. Descubrir o propio corpo, como agasallo de Deus, promovendo a confianza no desenvolvemento das súas posibilidades persoais.

(Competencia humanizadora, competencia lingüística)

2. Recoñecer no entorno familiar e social manifestacións que expresan a vivencia da fe católica e identifican a comunidade relixiosa a que pertence.

(Competencia humanizadora e social)

3. Observar e describir elementos e relatos relixiosos cristiáns que permitan ao neno desenvolver os valores e actitudes básicas de respecto, alegría e admiración.

(Competencia humanizadora, competencia social)

4. Expresar e celebrar as tradicións, festas e aniversarios máis importantes, exercitando as primeiras habilidades motrices, para relacionarse cos demais e para acceder a oración, os cantos de loanza e o sentido das festas relixiosas.

(Competencia cultural e competencia lingüística)

5. Favorecer a realización de actividades que promovan a participación, a cooperación e a xenerosidade como medio para expresar o amor de Deus e a fraternidade.

(Competencia humanizadora, aprender a aprender)

6. Descubrir que os cristiáns chaman Pai a Deus Creador de todas as cousas, e saben que está con todos nosoutros, nos quere e perdoa sempre.

(Competencia de sentido e de transcendencia, humanizadora)

7. Coñecer que Xesús naceu en Belén, que é amigo de todos e nos quere, que morreu por nos e resucitou para estar con nos.

(Competencia social, competencia de sentido)

8. Valorar que a Virxe María é a Nai de Xesús y tamén Nai de todos nós, e que formamos unha gran familia.

(Competencia social e cívica, humanizadora)

9. Respetar as persoas e cousas do seu entorno, coidalas e preocuparse delas, como Xesús fixo e nos ensina a facer.

(Competencia social e cívica, aprender a aprender)

4º CURSO DE EDUCACIÓN INFANTIL

CONTIDOS:

1. A Creación, como obra de Deus e agasallo aos seus fillos. Deus pide respecto no coidado e uso da natureza e das cousas. Gratitude e admiración pola Creación.
2. O corpo humano obra de Deus Creador coa colaboración dos pais.
3. Valoración da saúde como agasallo de Deus. Os medios que Deus nos ofrece para conservar a saúde: as persoas que nos atenden e queren, alimentos, vestidos y limpeza. Promover a acción de gracias.
4. Os símbolos relixiosos . Observar o vocabulario, imaxes e edificios relixiosos próximos ao neno .
6. Deus é noso Pai, cóidanos e invítanos a servir a os demais.
7. A alegría polo nacemento de Xesús. Relatos do nacemento, vida, morte e resurrección de Xesús.
8. Algúns textos importantes que se refiren, sobre todo, a Xesús e a María.
9. Algunhas palabras significativas para os cristiáns: Deus Pai, Xesús o Fillo de Deus e amigo noso, a Virxe María nai de Xesús e nai nosa, a Igrexa.
10. Xesús coida das persoas e preocupase por elas. Algúns pasaxes do Evanxeo: A ovella perdida, Xesús e os nenos...
11. Deus quere que nos amemos como El nos ama. A actividade diaria como medio para construír a vida familiar e as relacións cos demais, segundo o plan de Deus.
12. A manifestación do amor cristián nos xestos concretos: saudar, axudar, compartir, perdoar e pedir perdón...
13. A familia, lugar de descubrimento e experiencia relixiosa e cristiá.
14. Somos fillos de Deus e parte da súa familia, a Igrexa. Expresións de agradecemento e alegría por pertencer a unha familia.
15. O domingo como festa do Señor resucitado. Principais festas cristiáns. O canto como expresión relixiosa de loanza, alegría e gratitude.
16. O comportamento cos amigos, os compañeiros da escola e as persoas do entorno.
17. Vocabulario, imaxes e edificios relixiosos da contorna do neno.

SECUENCIA DE CONTIDOS

Desenvolveremos a parte correspondente do currículo distribuíndoo en nove unidades didácticas:

U.D. 1: TEÑO NOVOS AMIGOS

- O comportamento cos amigos, os compañeiros da escola e as persoas do seu entorno. (16)
- A escola, lugar de aprendizaxe, encontro e relación cos iguais (16)
- O primeiro día de colexio. Coñecemos a novos amigos.

U.D. 2 XESÚS, O BO PASTOR

- Xesús o amigo de todos, especialmente, dos nenos.
- Os nenos somos amigos de Xesús e amigos uns doutros.
- Relatos do Evanxeo: Xesús, o bo pastor.(10)

U.D. 3: PREPARAMOS O NADAL

- Símbolos relixiosos: a coroa do Advento (4)
- ¡Estamos ledos: chega o nadal!
- Algúns signos externos das festas: os beléns e os adornos de Nadal

U.D 4: A FESTA DO NADAL

- Xesús naceu en Belén.
- Os magos de Oriente visitan a Xesús.
- Celebramos con ilusión a alegría do nacemento de Xesús. (7)

U.D. 5: TEÑO UNHA FAMILIA QUE ME QUERE E ME COIDA.

- Todos temos unha familia. A miña familia
- A familia de Xesús.
- A familia, lugar de descubrimento e experiencia relixiosa cristiá (13)

U.D 6: DEUS AMANOS

- Deus nos coida.
- Deus coida das persoas.
- O corpo humano obra de Deus Creador coa colaboración dos pais.(2)
- Deus coida das aves e das flores.
- Deus pide respecto no coidado e uso da natureza e das cousas. (1)

U.D. 7: DOMINGO DE RAMOS

- Xesús entra na cidade de Xerusalén. O relato bíblico “Entrada de Xesús en Xerusalén” (7)
- O Domingo de Ramos.
- Símbolos: a Palma do Domingo de Ramos (17)

- A procesión da borriquiña. (7)

U.D. 8 A FESTA DA PASCOA

- Principais festas cristiás: Pascua
- Plantas e animais que renacen na primavera. (1)
- Na primavera celebramos a resurrección de Xesús. (7)
- O cirio Pascual, símbolo de Xesús resucitado..(4)

UNIDAD 9: CON FLORES A MARÍA

- María, Madre de Xesús (9)
- Quero a miña nai.
- María é nosa nai do ceo.

ACTIVIDADES

Durante este curso, como medida de prevención ante a pandemia COVID, prescindiremos das actividades que impliquen un contacto directo entre o alumnado e basearemos as actividades na:

Narración de relatos breves e comentario dos mesmos.

Manipulación, observación, descrición e secuenciación de láminas e fichas dos contos e historias adaptadas da Biblia.

Audición, dramatización e aprendizaxe das cancións das unidades.

Exploración e utilización de materiais e útiles para expresión plástica.

Creación de situacións no aula que potencien o uso do linguaxe oral e corporal.

Potenciación de actitudes de respecto e tolerancia cara as persoas do seu entorno próximo.

TEMPORALIZACIÓN:

Esta programación está pensada para levala a cabo ao longo dun curso, cunha periodicidade dunha sesión semanal (Decreto lei 105/2014) de 50 minutos.

Traballaranse no primeiro trimestre as unidades da 1 a 4, ambas incluídas; no segundo trimestre as unidades da 5 a 7, e no trimestre final a 8 e a 9. Contamos como máximo con:

Numero de sesións correspondentes ao presente curso			
4ºde Educación Infantil	1ª Avaliación	2ª Avaliación	3ª Avaliación
	14	12	9

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Amosar interese e desexo de coñecer e ter novos amigos.
- Recoñecer a Xesús como amigo fiel que nos acompaña sempre.
- Saber recoñecer os personaxes principais do belén.
- Coñecer o relato da visita de los reis Magos a Xesús.
- Contar o esencial da visita dos Reis Magos a Xesús.
- Recoñecer a familia de Xesús.
- Discriminar accións positivas e negativas no coidado do entorno.
- Participar nas diferentes actividades e amosarse colaborador cos compañeiros.
- Ter actitudes de respecto cara aos compañeiros.
- Pedir perdón e perdoar.
- Familiarizarse cunha primeira síntese de fe.
- Describir a familia como ámbito de cariño.
- Apreciar e agradecer os coidados que recibe dos adultos.
- Recoñecer actitudes de cariño, axuda e alegría na familia de Nazaret.
- Expresar oralmente a alegría de formar parte dunha familia.
- Expresar oralmente como se celebra o Nadal na súa familia.
- escoitar con interese o relato da unidade.
- Participar no canto de panxoliñas.
- Expresar alegría polo nacemento do Neno Xesús.
- Aprender a canción da unidade e participar no seu canto.
- Colorear a ficha da unidade poñendo interese en facelo o mellor posible.
- Agradecer os coidados dispensados polas persoas que os coidan.
- Relacionar a “palma” coa festa do Domingo de Ramos.
- Aprender un vocabulario básico sobre a unidade.

5º CURSO DE EDUCACIÓN INFANTIL

CONTIDOS:

1. A Creación, como obra de Deus e agasallo aos seus fillos. Deus pide respecto no coidado e uso da natureza e das cousas. Gratitude e admiración pola Creación.
2. O corpo humano obra de Deus Creador coa colaboración dos pais.

3. Valoración da saúde como agasallo de Deus. Os medios que Deus nos ofrece para conservar a saúde: as persoas que nos atenden e queren, alimentos, vestidos y limpeza. Promover a acción de grazas.
4. Os símbolos relixiosos . Observar o vocabulario, imaxes e edificios relixiosos próximos ao neno .
6. Deus é noso Pai, cóidanos e invítanos a servir a os demais.
7. A alegría polo nacemento de Xesús. Relatos do nacemento, vida, morte e resurrección de Xesús.
8. Algúns textos importantes que se refiren, sobre todo, a Xesús e a María.
9. Algunhas palabras significativas para os cristiáns: Deus Pai, Xesús o Fillo de Deus e amigo noso, a Virxe María nai de Xesús e nai nosa, a Igrexa.
10. Xesús coída das persoas e preocupase por elas. Algúns pasaxes do Evanxeo: A ovella perdida, Xesús e os nenos...
11. Deus quere que nos amemos como El nos ama. A actividade diaria como medio para construír a vida familiar e as relacións cos demais, segundo o plan de Deus.
13. A familia, lugar de descubrimento e experiencia relixiosa e cristiá.
14. Somos fillos de Deus e parte da súa familia, a Igrexa. expresións de agradecemento e alegría por pertencer a unha familia.
16. O comportamento cos amigos, os compañeiros da escola e as persoas do entorno.
17. Vocabulario, imaxes e edificios relixiosos da contorna do neno.

SECUENCIA DE CONTIDOS

Desenvolveremos a parte correspondente do currículo distribuíndoo en nove unidades didácticas:

U.D. 1: UN COLE MOI DIVERTIDO

- A escola, lugar de aprendizaxe, encontro e relación cos iguais (16)
- O comportamento cos amigos, os compañeiros da escola e as persoas do seu entorno. (16)

U.D. 2 MARÍA, A NAI DE XESÚS

- María nai de Xesús e nai dos cristiáns. María é nosa nai do Ceo (9)
- Deus elixiu a María para que fose a nai de Xesús (9)
- Relato bíblico da Anunciación. María díxolle Si a Deus (8)
- Relato bíblico “María e a súa prima Isabel”(8)

- A importancia das cancións para expresar noso amor a Virxe María (15)
- María no arte.

U.D. 3: QUERO A MIÑA FAMILIA

- A familia, lugar de descubrimento e experiencia relixiosa e cristiá. (13)
- Os membros que compoñen a súa familia (13)
- A familia de Xesús de Nazaret: a Sagrada Familia (9)
- Os bos consellos que dan as persoas que nos queren (11)
- Alegría por ter una familia e un fogar (13)
- Deus es noso Pai, cóidanos e nos invita a servir aos demais. O relato bíblico “A ovella perdida” (10)

U.D 4: A FESTA DO NADAL

- No Advento preparamos o Nadal (15)
- O Nadal, festa cristiá na que se celebra o nacemento de Xesús (7)
- Xesús é un agasallo de Deus para todo o mundo.
- Anuncio do anxo aos pastores. Relato bíblico (Lc 2, 8-20) (7)
- A festa familiar do Nadal. Alegría de compartir e convivir en familia (7)
- As cancións do Nadal: panxoliñas (15)
- Celebramos con ilusión a alegría do nacemento de Xesús. Costumes típicas do Nadal (15)

U.D. 5: A MIÑA CASA É MOY BONITA

- A casa, lugar de cariño e axuda. (6)
- A Igrexa como a gran familia dos fillos de Deus. (14)
- O relato bíblico «Xesús e os apóstolos». (10)
- Xesús invítanos a súa casa, a Igrexa. A cruz símbolo na casa de Xesús. (4)
- Recoñecemento de diferentes tipos de casas. Identificación dunha Igrexa polos elementos que a distinguen doutras “casas”. (17)
- Realización plástica dunha Igrexa. (17)
- Alegría por ter unha familia e un fogar. (14)
- Canción: “En casa vives tu” (15)

U.D 6: XESÚS ENSINANOS A AMAR

- Necesitamos amar e ser amados. (11)
- As persoas que nos queren e nos coidan. (11)
- O amor é o máis importante para vivir. (11)

- Xesús ensínanos a amar a todos, coida as persoas e preocupase por elas. (10)
- Parábola do Bo Samaritano. (10)
- Amar a Deus e a los demais é lo máis importante para os amigos de Xesús. (11)
- Oración de agradecemento a Xesús polas persoas que nos coidan e nos aman. (8)

U.D. 7: CELEBRAMOS A SEMANA SANTA

- Xesús entra na cidade de Xerusalén. O relato bíblico “Entrada de Xesús en Xerusalén” (7)
- O verdadeiro amor: dar a vida polos demais. Xesús morreu nunha cruz, mais ao terceiro día resucitou. (7)
- Os cristiáns recordamos a morte e resurrección de Xesús na Semana Santa. (15)
- Símbolos: A Luz, o Cirio Pascual, a Palma. (17)
- A procesión do Domingo de Ramos. (7)

U.D. 8 NA PRIMAVERA RENACE A VIDA

- Plantas e animais que renacen en primavera. A flor símbolo da primavera. (1)
- Na primavera celebramos a resurrección de Xesús. (7)
- A pomba símbolo do Espírito de Xesús resucitado. O cirio Pascual.(4)
- Actitudes de coidado da natureza. (1)

UNIDAD 9: ¡QUE BEN FEITOS ESTAMOS!

- O corpo humano obra de Deus Creador coa colaboración dos pais.(2)
- Relato bíblico “Adán e Eva” resumido e adaptado a la idade dos nenos. (1)
- Agradecemento a Deus polas actividades que se poden realizar co corpo.
- Valoración da saúde como agasallo de Deus. Os medios que Deus nos ofrece para conservar a saúde: as persoas que nos atenden e queren, alimentos, vestidos e limpeza. (3)
- Cancións: “El cuerpo” e “Te damos las gracias”. (15)

ACTIVIDADES

Durante este curso, como medida de prevención ante a pandemia COVID, prescindiremos das actividades que impliquen un contacto directo entre o alumnado e basearemos as actividades na:

Narración de relatos breves e comentario dos mesmos.

Manipulación, observación, descrición e secuenciación de láminas e fichas dos contos e historias adaptadas da Biblia.

Audición, dramatización e aprendizaxe das cancións das unidades.

Exploración e utilización de materiais e útiles para expresión plástica.

Creación de situacións no aula que potencien o uso do linguaxe oral e corporal.

Potenciación de actitudes de respecto e tolerancia cara as persoas do seu entorno próximo.

TEMPORALIZACIÓN:

Esta programación está pensada para levala a cabo ao longo dun curso, cunha periodicidade dunha sesión semanal de 50 minutos. Traballaranse no primeiro trimestre as unidades da 1 a 4, ambas incluídas; no segundo trimestre as unidades da 5 a 7, e no trimestre final a 8 e a 9.

Numero de sesións correspondentes ao presente curso			
5ºde Educación Infantil	1ª Evaluación	2ª Evaluación	3ª Evaluación
	12	12	8

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Participar nas diferentes actividades e amosarse colaborador cos compañeiros.
- Ter actitudes de respecto cara aos compañeiros.
- Apreciar os valores cristiáns que facilitan a convivencia. (e)
- Pedir perdón e perdoar.
- Respetar as normas básicas de comportamento na aula.
- Familiarizarse cunha primeira síntese de fe.
- Distinguir a figura de María entre outros personaxes nalgúns debuxos.
- Recoñecer aos personaxes centrais do relato da Anunciación e da Visitación.
- Describir a familia como ámbito de cariño.
- Apreciar e agradecer os coidados que recibe dos adultos.
- Recoñecer actitudes de cariño, axuda e alegría na familia de Nazaret.
- Expresar oralmente a alegría de formar parte dunha familia.
- Expresar oralmente como se celebra o Nadal no seu entorno: casa, barrio, cidade.
- escoitar con interese o relato bíblico da unidade.

- Identificar aos personaxes do relato bíblico.
- Participar no canto de panxoliñas.
- Expressar alegría polo nacemento do Neno Xesús.
- Relacionar a Xesús coa súa casa: a Igrexa.
- Identificar la Igrexa como lugar de reunión da gran familia cristiá.
- Recoñecer una Igrexa nun debuxo no el que hai varias casas diferentes.
- Coñecer o símbolo cristián da cruz.
- Aprender a canción da unidade e participar no seu canto.
- Prestar atención a proxección da parábola do Bo Samaritano.
- Manifestar os sentimentos que lle provoca la visualización da parábola do Bo Samaritano.
- Identificar as accións positivas e negativas dos personaxes da parábola.
- Colorear a ficha da unidade poñendo interese en facelo o mellor posible.
- Agradecer os coidados dispensados polas persoas que os coidan.
- Interesarse por coñecer o relato bíblico da entrada de Xesús en Xerusalén.
- Relacionar a “palma” coa festa do Domingo de Ramos.
- Aprender un vocabulario básico sobre a unidade.
- Expressar o contido principal da unidade: o amor de Xesús polos demais.
- Valorar as persoas como o máis importante que Deus creou.

6º CURSO DE EDUCACIÓN INFANTIL

CONTIDOS:

1. A Creación, como obra de Deus e agasallo aos seus fillos. Deus pide respecto no coidado e uso da natureza e das cousas. Gratitude e admiración pola Creación.
2. O corpo humano obra de Deus Creador coa colaboración dos pais.
3. Valoración da saúde como agasallo de Deus. Os medios que Deus nos ofrece para conservar a saúde: as persoas que nos atenden e queren, alimentos, vestidos y limpeza. Promover a acción de gracias.
4. Os símbolos relixiosos . Observar o vocabulario, imaxes e edificios relixiosos próximos ao neno.

5. Deus fala. A Biblia, o libro santo dos cristiáns. Admiración e coidado do libro que contén a Palabra de Deus.
6. Deus é noso Pai, cóidanos e invítanos a servir a os demais.
7. A alegría polo nacemento de Xesús. Relatos do nacemento, vida, morte e resurrección de Xesús.
8. Algúns textos importantes que se refiren, sobre todo, a Xesús e a María.
9. Algunhas palabras significativas para os cristiáns: Deus Pai, Xesús o Fillo de Deus e amigo noso, a Virxe María nai de Xesús e nai nosa, a Igrexa.
10. Xesús coida das persoas e preocupase por elas. Algúns pasaxes do Evanxeo: A ovella perdida, Xesús e os nenos...
11. Deus quere que nos amemos como El nos ama. A actividade diaria como medio para construír a vida familiar e as relacións cos demais, segundo o plan de Deus.
12. A manifestación do amor cristiá nos xestos concretos: saudar, axudar, compartir, perdoar e ser perdoados.
13. A familia, lugar de descubrimento e experiencia relixiosa e cristiá.
14. Somos fillos de Deus e parte da súa familia, a Igrexa. Expresións de agradecemento e alegría por pertencer a unha familia.
15. O domingo como festa do Señor resucitado. Principais festas cristiás. O canto como expresión relixiosa de loanza, alegría e gratitude.
16. O comportamento cos amigos, os compañeiros da escola e as persoas do entorno.
17. Vocabulario, imaxes e edificios relixiosos da contorna do neno.

SECUENCIA DE CONTIDOS

Desenvolveremos a parte correspondente do currículo distribuíndoo en nove unidades didácticas:

U.D. 1: UN COLE MOI DIVERTIDO

- A escola, lugar de aprendizaxe, encontro e relación cos iguais (16)
- Crecemos aprendendo.
- Normas básicas de comportamento na aula.
- Parábola “La casa bien construída”.
- Alegría por ter un colexio divertido e acolledor.
- Actitud de respecto, confianza e alegría.

- O comportamento cos amigos, os compañeiros da escola e as persoas do seu entorno. (16)

U.D. 2 SAÚDOS

- Xestos de amor cara os demais. Deus quere que nos amemos como ÉL nos ama.
- O relato bíblico «O bo samaritano».
- Dimensión cristián das relacións sociais. Fraternidade.
- Normas básicas de cortesía.
- Diferentes modos de saudar. Os saúdos cristiáns.
- Apertura a os demais celebrando os encontros con diferentes saúdos.

U.D. 3: A CREACIÓN, ¡QUE REGALO!

- La Creación, obra de Dios e agasallo para as persoas. Deus creou o mundo por amor.
- Deus creador de homes e mulleres, nos deu a vida e nos pide nosa colaboración para coidar a natureza.
- Deus é como un Pai para todas as persoas sen distincións.
- Hábitos de coidado e respecto da natureza.
- Clasificación dos elementos da natureza: creados por Deus, feitos por persoas.
- Discriminar entre actitudes de respecto e coidado da natureza ou actitudes contrarias.
- Admiración pola Natureza como obra de Deus. Agradecemento a Deus polo regalo da natureza.
- Actitudes de coidado da natureza. (1)
- Manter bos hábitos de conducta en relación coa natureza.

U.D 4: A FESTA DO NADAL

- No Advento preparamos o Nadal. A coroa do Advento.(15)
- Nadal: nacemento de Xesús en Belén. O mensaxe cristián do Nadal.
- O relato bíblico «Os pastores visitan ao neno Xesús ».
- Os personaxes do belén: Xesús, María, Xosé e os pastores.
- Costumes e tradicións do Nadal na familia e na sociedade: poñer o nacemento, outros adornos, felicitacións do Nadal, agasallos como mostra de amor e cariño...
- O canto relixioso do Nadal: panxoliñas.
- Recoñecemento e descrición dos personaxes principais dun belén.

- Ilusión pola celebración do Nadal.
- Agradecemento polos agasallos recibidos.

U.D. 5: UN LIBRO MOI ESPECIAL

- Libros importantes.
- A Biblia, o libro santo dos cristiáns. (5)
- Relato bíblico adaptado: “O Arca de Noé”
- O relato bíblico «Xesús e os apóstolos». (10)

U.D 6: XESÚS ENSINANOS A AMAR

- Xesús ensínanos a amar a todos, coida as persoas e preocupase por elas. (10)
- Parábola do Bo Samaritano. (10)
- Amar a Deus e a los demais é o máis importante para os amigos de Xesús. (11)
- Oración de agradecemento a Xesús polas persoas que nos coidan e nos aman. (8)

U.D. 7: CELEBRAMOS A SEMANA SANTA

- Xesús entra na cidade de Xerusalén. O relato bíblico “Entrada de Xesús en Xerusalén” (7)
- O verdadeiro amor: dar a vida polos demais. Xesús morreu nunha cruz, mais ao terceiro día resucitou. (7)
- Os cristiáns recordamos a morte e resurrección de Xesús na Semana Santa. (15)
- Símbolos: a Palma. (17)
- A procesión do Domingo de Ramos. (7)

U.D. 8: DOMINGO-INGO

- Domingo: a festa do Señor resucitado.
- Relato bíblico «A Resurrección de Xesús».
- A celebración cristiá da Pascua; celebramos a Vida.
- A oración como expresión de fe que nos comunica con Deus.
- O Cirio pascual símbolo da luz de Xesús entre os cristiáns.

U.D. 9 MIÑA CASA, ¡UN FOGAR FELIZ!

- Importancia de formar parte dunha familia.
- O Bautismo como medio para pasar a formar parte da Igrexa.
- Relato bíblico «O bautismo de Xesús».
- Tipos de vivendas. A Igrexa, a casa dos amigos de Xesús. A cruz, símbolo cristián.
- Actividades diarias de axuda e colaboración na súa casa e na la Igrexa.

- Actividades celebrativas na casa e na Igrexa. O Bautismo: Os principais símbolos no bautismo (auga, luz...)
- A Eucaristía, una festa na Igrexa.
- Interpretación de imaxes relacionadas co sacramento do bautismo e da Eucaristía.
- Agradecemento por ter unha casa e unha familia que os quere e os coida.
- Actitude de axuda e colaboración nas actividades da casa e da Igrexa.

ACTIVIDADES

Durante este curso, como medida de prevención ante a pandemia COVID, prescindiremos das actividades que impliquen un contacto directo entre o alumnado e basearemos as actividades na:

Narración de relatos breves e comentario dos mesmos.

Manipulación, observación, descrición e secuenciación de láminas e fichas dos contos e historias adaptadas da Biblia.

Audición, dramatización e aprendizaxe das cancións das unidades.

Exploración e utilización de materiais e útiles para expresión plástica.

Creación de situacións no aula que potencien o uso do linguaxe oral e corporal.

Potenciación de actitudes de respecto e tolerancia cara as persoas do seu entorno próximo.

TEMPORALIZACIÓN:

Esta programación está pensada para levala a cabo ao longo dun curso, cunha periodicidade dunha sesión semanal de 50 minutos. Traballaranse no primeiro trimestre as unidades da 1 a 4, ambas incluídas; no segundo trimestre as unidades da 5 a 7, e no trimestre final a 8 e a 9.

Numero de sesións correspondentes ao presente curso			
6º de Educación Infantil	1ª Evaluación	2ª Evaluación	3ª Evaluación
	12	10	10

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Participar nas diferentes actividades e amosarse colaborador cos compañeiros.
- Apreciar os valores cristiáns que facilitan a convivencia. (e)
- Respectar as normas básicas de comportamento na aula.
- Familiarizarse cunha primeira síntese de fe.
- Coñecer e comprende algunhas parábolas.
- Valorar as actuacións de Xesús cara aos demais como actos de verdadeiro amor.
- Identificar obxectos relacionados co bautismo.
- escoitar con atención o relato bíblico da unidade e a ensinanza que transmite.
- Recoñecer o domingo como día de descanso.
- Amosar interese por coñecer a vida de Xesús e de María.
- Recoñecer algúns signos e manifestacións relixiosas, en especial das festas do Nadal, da Semana Santa e da Pascua.
- Mostrar alegría por la Resurrección de Xesús.
- Valorar a oración como a mellor maneira de falar con Deus.
- Relacionar a Xesús coa súa casa: a Igrexa.
- Identificar la Igrexa como lugar de reunión da gran familia cristiá.
- Recoñecer una Igrexa nun debuxo no el que hai varias casas diferentes.
- Coñecer o símbolo cristián da cruz.
- Aprender a canción da unidade e participar no seu canto.
- Prestar atención a proxección da parábola do Bo Samaritano.
- Manifestar os sentimentos que lle provoca la visualización da parábola do Bo Samaritano.
- Identificar as accións positivas e negativas dos personaxes da parábola.
- Colorear a ficha da unidade poñendo interese en facelo o mellor posible.
- Agradecer os coidados dispensados polas persoas que os coidan.
- Interesarse por coñecer o relato bíblico da entrada de Xesús en Xerusalén.
- Relacionar a “palma” coa festa do Domingo de Ramos.
- Aprender un vocabulario básico sobre a unidade.
- Valorar as persoas como o máis importante que Deus creou.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación realizarase por observación directa do alumno, tendo en conta os

indicadores marcados en cada unidade didáctica (60% da nota), e o control das dinámicas e fichas realizadas (40%):

- Observación directa na aula
- Participación na clase
- Empeño no traballo
- Comportamento.

METODOLOXÍA DIDÁCTICA

A ensinanza relixiosa na etapa infantil deberá impartirse en diálogo coas tres áreas de experiencia desta etapa:

O coñecemento de sí mesmo e a autonomía persoal, que se enriquece co coñecemento de Deus.

O coñecemento do contorno dende a fe proporciona ao neno unha visión nova da Creación e dos seres vivos. O entorno social presentáselle na unidade dunha familia: Deus Pai e os homes irmáns.

O terceiro ámbito de experiencia, ***a comunicación e representación***, adquire un novo valor ao ofrecer ao neno unha interpretación dos símbolos relixiosos e un camiño de comunicación con Deus e cos demais, fillos de Deus e irmáns entre eles.

Ao tempo, é preciso poñer ao neno en contacto con realidades e valores que estimulen o seu crecemento. Trátase de presentar **valores** que teñan un común denominador e descartar aqueles contravalores polos que unha verdadeira liberdade non pode optar, como son a mentira, o egoísmo, a violencia... É vital poñer en práctica os que, a partir de un fundamento relixioso, poidan asumir como seus, descubríndoos no seu interior, como son: a lealdade, a solidariedade, a amizade, o amor...

(Texto da Conferencia Episcopal Española. Madrid, 30 de decembro de 2013)

Pretendese traballar cunha metodoloxía de inspiración competencial que permita transformar os contidos en coñecementos útiles para os alumnos mediante un acercamento a súa realidade. Que favoreza a construción de novos coñecementos e que ofrezca os mecanismos e ferramentas precisos para seguir aprendendo. En todas as unidades presentaranse láminas e ilustracións dada a importancia que teñen en esta etapa as imaxes. Así mesmo incluíranse cancións e xogos tendo moi presentes as circunstancias extraordinarias deste período de pandemia que impide o contacto directo entre o alumnado.

Prestarase especial atención ao recoñecemento das emocións nun mesmo e nos demais, tanto para saber identificalas como para controlalas ou modulalas.

MATERIAIS E RECURSOS

En Educación Infantil traballamos sen libro de texto. Os principais recursos materiais serán: Láminas e fichas, parte de elaboración propia, parte recollidas de libros de texto de anos anteriores, outra parte son xogos como: “Pescando amigos”, “El Arca de Noé” (de elaboración propia) ou quebracabezas, entre outros.

Ao finalizar o curso elaborárase un libro do alumno con todos os traballos realizados por cada un para que o leven as súas casas e poidan compartilos coa súa familia.

Outros recursos: Teatriño de aula, CD audio de cancións e melodías, vídeo-clips, internet serie de Vídeos de películas baseadas nos relatos de la Biblia, colección de DVDs “La Casa sobre la Roca” do grupo Valiván e ordenador de aula con proxector e conexión a Internet.

MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Unha adecuada resposta educativa a todos os alumnos concíbese a partires do principio de inclusión, entendendo que unicamente de ese modo se pode garantir o crecemento persoal de todos, favorecese a equidade e se contribúe a una maior cohesión social. A atención a la diversidade é unha necesidade que abarca todas as etapas educativas e a todo o alumnado, é dicir, tratase de contemplar a diversidade como principio e non como unha medida cara as necesidades duns poucos. Para levar a cabo tal fin, empregaremos algunhas estratexias como por exemplo:

- A modificación do tempo dos aprendizaxes: traballando en función da nosa propia realidade educativa e das características individuais de cada un dos nosos alumnos.
- Adecuación da axuda pedagóxica e da metodoloxía. Prestar máis atención a aqueles alumnos que máis o necesiten.
- Adecuación das actividades as diferencias individuais. Polo tanto, realizaranse actividades que reforcen os aprendizaxes de uns e amplíen os de outros.

CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

O linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación están cada vez máis presentes na vida dos nenos e nenas de Educación Infantil, por elo, é importante telas en conta como recurso na acción didáctica. O seu uso e aplicación deber estar adaptado a idade dos nenos, ademais de requirir dun tratamento educativo que os inicie na comprensión das mensaxes audiovisuais.

Na aula de relixión contamos cun ordenador portátil, un proxector, unha pantalla e conexión a internet. As diferentes medidas para estimular o uso das tecnoloxías da información e da comunicación que propoñemos son:

A familiarización co ordenador e algúns programas de fácil manexo.

O coñecemento das posibilidades de acceso, sempre coa axuda das súas familias.

O uso das TIC como ferramenta para o aprendizaxe dos contidos curriculares.

CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Velarase polo cumprimento das estratexias marcadas polo Centro no Plan de Convivencia prestando especial atención a:

PREVENCIÓN E RESOLUCIÓN DE CONFLITOS: Traballarase sempre e en especial, cando xurda algún comportamento que o requira.

EDUCACIÓN CIVICA E CONSTITUCIONAL: Fomentando a adquisición e desenvolvemento de valores como a solidariedade, tolerancia, espírito democrático, igualdade, respecto, amizade, etc...

IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES: Tratarase nas actividades propostas, poñendo especial atención na elección das mesmas, e atendendo as propias relacións e comentarios do alumnado.

EDUCACIÓN EN VALORES

- Educación para unha boa convivencia.
- Educación cultural e artística a través do coñecemento das manifestacións de relixiosidade popular dedicadas a Xesús e María.
- Educación familiar.
- Educación para a convivencia.
- Colaboración e axuda aos máis necesitados.
- Educación para a igualdade e a non discriminación.
- Educación cultural e artística

- Educación medioambiental para o coidado da natureza.
- Educación para a igualdade entre sexos.

AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA:

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos na unidade			
Descritores e desempeños competenciáis			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención a diversidade			

AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe do alumnado ten alcanzado os obxectivos de aprendizaxe na unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?